

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MADRUGADORES DO CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O CURSO ESCOLAR 2024- 2025 E 2025-2026

EXPEDIENTE: 2024/C004/000001

ANTECEDENTES:

O Concello de Corcubión puxo en marcha fai uns anos un recurso de conciliación, denominado Tempo de lecer, coa finalidade de facer compatibles os distintos ámbitos nos que se desenvolven as familias no período non lectivo (xullo e agosto), facilitando a conciliación entre os horarios laborais e persoais dos proxenitores e os dos menores. Dito recurso consistía nun servizo de atención e coidado dos nenos nos que se combinaban actividades lúdicas e educativas, dirixidas á sensibilización na igualdade, non discriminación, corresponsabilidade, e prevención da violencia de xénero.

O éxito da medida implantada animou a por en marcha un segundo recurso, o Servizo de madrugadores, para a conciliación nos días lectivos do calendario escolar e que permite as familias deixar aos seus fillos nun entorno seguro con carácter previo ao inicio das clases (de 7:45 a 9:15 horas).

Transcorrido un tempo prudencial e consolidados ambos recursos, levouse a cabo a xestión indirecta dos mesmos mediante un contrato de servizos, comprensivo das dúas medias referidas, o Servizo de Conciliación do Concello de Corcubión .

O novo equipo de goberno, surxido das Eleccións municipais de maio de 2023, ante os altos custes que está a representar a parte do contrato coincidente co recurso Tempo de Lecer ten por obxectivo a súa reestructuración para que, atendendo a necesidades reais de conciliación, permita un aforro á Administración, polo que unha vez concretadas as condicións de aquél e da prestación procederase á unha nova contratación. Pola contra, é preciso contratar o servizo de madrugadores posto que se dispón de unha estimación de usuarios e custes.

En providencia de Alcaldía, de data 12 de xuño de 2024, expoñense os antecedentes descritos e ponse de manifesto a necesidade de contratar o servizo de madrugadores dado que o concello non ten persoal nin material para levar a cabo dito servizo por si mesmo incoando expediente de contratación.

Visto que segundo o art. 17 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, de 8 de novembro son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluído aqueles nos que o adxudicatario se obriga a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

- Visto o expediente instruído para a contratación e que se compón de:

- Memoria xustificativa emitida pola alcaldía do 12.06.2024 ao abeiro do artigo 28 da LCSP xustificando a competencia local exercida para a tramitación deste expediente e a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer, entre outros extremos do procedemento.
- Informe da Técnica Responsable Municipal do Servizo de Madrugadores, do 12.06.2022, xustificativo da non división en lotes e da non subcontratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación por procedemento aberto, tramitación ordinaria, do Servizo de Madrugadores do Concello de Corcubión, para os cursos escolares 2024-2025 e 2025-2026.
- Prego de Prescricións Técnicas do servizo
- Certificado, emitido pola Secretaría-intervención, de existencia de crédito polo importe que se



pretende imputar ao exercicio 2024

- Informe de secretaría - intervención.

Resultando que, segundo a documentación incorporada ao expediente, o importe do contrato a celebrar sería o seguinte:

Horas con dos monitores. Hasta 30 usuarios del servicio.	
Precio / hora	36,08 €

	Número de horas	Precio sin IVE	IVE (10%)	Precio con IVE
2 monitores	542	19.555,36 €	1.955,54 €	21.510,90 €
Total		19.555,36 €	1.955,54 €	21.510,90 €

Sendo o valor estimado para a totalidade da súa duración:

Plazo	Número de horas	Precio sin IVA
Curso escolar 2024-2025 y 2025-2026		
2 monitores	542	19.555,36 €
VALOR ESTIMADO		19.555,36 €

E a distribución estimada do crédito por anualidades orzamentarias:

Distribución estimada por anualidades.		
Año 2024	De 01.09.2024 a 31.12.2024	4.365,68 €
Año 2025	De 01.01.2022 a 31.12.2023	10.755,45 €
Año 2026	De 01.12.2023 a 31.08.2024	6.389,77 €
Totales	2 CURSOS ESCOLARES	21.510,90 €

Visto o disposto no artigo 116 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público,

Pola presente RESOLVO:

Primeiro. Proceder a contratación, por procedemento aberto, do servizo de Madrugadores do Concello de Corcubión, para os cursos escolares 2024-2025 e 2025-2026

O recurso ao procedemento aberto efectúase por tratarse de un dos procedementos de adxudicación ordinarios (arts 131 e 156 LCSP).

A adxudicación realizarase valorando unha multiplicidade de criterios de adxudicación, criterios económicos e cualitativos, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 146 da LCSP.

A contratación efectúase como unha unidade contractual non efectuándose a división en lotes, de acordo cos documentos xustificativos, incorporados aos expediente.

Segundo. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a presente contratación.

Terceiro. Aprobar o gasto correspondente para o exercicio 2024, con cargo á aplicación orzamentaria

231.22799, do estado de gastos do orzamento vixente.

Cuarto. Aprobar o expediente de contratación incoado e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de contratos do Sector público (art 156.6 LCSP).

Publicar, igualmente no perfil do contratante do Concello, o acordo de incoación do expediente, a memoria de Alcaldía que incorpora a xustificación requerida polo art 28 LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas e o presente acordo de aprobación do expediente de contratación (arts 116 e 117 LCSP).

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Francisco Javier Domínguez Traba en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Ana María Reyes Cambre, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).